



# A LUSOFONÍA

O galego e o portugués nacen da lingua galego-portuguesa. Esta lingua empregouse no territorio da antiga *Gallaecia* dende o século IX ata finais do século XIV, chegando a acadar unha proxección cultural ata os máis altos cumios da creación literaria.



Feitos históricos fan que as dúas linguas se vaian distanciando: na primeira metade do século XII Portugal constitúese como reino independente e no século XIII Galicia supeditase á coroa de Castela. A partir de entón, a sorte sociolingüística do galego e do portugués foi moi diferente. O galego comeza a padecer unha situación de minorización, mentres que o portugués se converte nun idioma de cultura, plenamente normalizado.

Dende o século XV ata o XVII o portugués espallouse polo mundo, a raíz do protagonismo do Reino de Portugal na descuberta de novos territorios, de xeito que se converteu na lingua oficial de oito estados en cinco continentes, considerándose hoxe en día unha das linguas máis faladas a nivel mundial.



Agás en Portugal, convive coas linguas orixinarias deses territorios e con **crioulos** (linguas nacidas da confluencia de dous idiomas, un nativo e outro foráneo) de base portuguesa.

EUROPA	Portugal
ÁFRICA	Angola, Mozambique, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Guinea Ecuatorial, São Tomé e Príncipe
AMÉRICA	Brasil
ASIA	Timor, Macau e poboacións da India como Goa

Os camiños diverxentes que levaron o galego e o portugués, a partir da Idade Media, non impiden que recoñezamos hoxe unha estreita afinidade entre ambas as linguas. A orixe común das dúas e o alto grao de intercomprensión entre os seus falantes permite considerar que o galego forma parte da **lusofonía**, o que converte o galego nun idioma de grande utilidade para a comunicación coa ampla área lingüística galego-portuguesa, conformada por arredor de douscentos millóns de persoas en cinco continentes.

A porta de entrada ao mundo lusófono que supón o galego faise notorio a nivel social, cultural e económico.

Desde o punto de vista económico, só polo feito de falar galego temos, por exemplo, vantaxe á hora de competir no mercado laboral de países emerxentes como Brasil e Angola.

No ámbito sociocultural, no eido da literatura, a relación entre escritores galegos e portugueses foi continua dende a época da Xeración *Nós*. Na actualidade contamos con novas iniciativas socioculturais que afianzan os lazos de unión non só entre Galicia e Portugal, senón tamén cos outros países de lingua portuguesa.

En 1995 nace nos centros educativos da bisbarra do Condado e do norte de Portugal un proxecto de radio escolar conxunto: **Ponte nas ondas!** Esta iniciativa consolidouse e actualmente agrupa a máis de vinte e cinco mil alumnos e alumnas galegos e portugueses. Ademais, **Ponte nas ondas!** é a promotora en 2003 da candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués ante a UNESCO para que as tradicións comúns sexan recoñecidas como Patrimonio da Humanidade.

No ámbito da música, dende o ano 2003 celébrase en Pontevedra o Festival Internacional da Lusofonía **Cantos na Maré**, que supón o encontro entre músicos e cantantes galegos, portugueses, brasileiros, angolanos, mozambicanos e caboverdianos.

Respecto á aprendizaxe do portugués en Galicia, dende o ano 2003 o Instituto Camões mantén en Vigo un centro de ensino de lingua portuguesa. O ensino da lingua galega tamén se está a estender polos países de fala portuguesa. A día de hoxe, pódese estudar o noso idioma en tres universidades de Portugal e en catro brasileiras. Por outra parte, no ano 2014 o Parlamento galego aprobou a Lei Valentín Paz Andrade, coa que se pretende incorporar a aprendizaxe do portugués como lingua estranxeira nos centros de ensino de Galicia, promocionar as relacións cos países lusófonos e favorecer a reciprocidade de emisións televisivas e radiofónicas entre Galicia e Portugal.

Outros aspectos culturais relevantes son o nacemento en 2006 da Fundación Via Galego, que pretende potenciar o intercambio cultural galaico-portugués; a existencia de editoras e librarías que publican e distribúen en ambas as marxes do Miño, como Através Editora, Anel Virtual, Couceiro,... así como numerosas revistas de cultura, *Ardentia*, *Grial*,... nas que as colaboracións portuguesas se reproducen coa ortografía orixinal.

Lingüísticamente, é evidente que existen diferenzas entre o galego e o portugués, mais estas non impiden que a comunicación flúa de xeito natural entre falantes das distintas comunidades.

Velaquí algúns trazos que máis diferencian o estándar portugués da nosa lingua:

	GALEGO	PORTUGUÉS
FONÉTICA	irmán	irmão
MORFOLOXÍA	lección, leccións	lição, lições
LÉXICO	tren, pantalóns, xamón	comboio, calças, presunto
ORTOGRAFÍA	ollo, viño	olho, vinho

Enlaces de interese:

*Ben falado*, da TVG: <http://links.edebe.com/y4>

*Ponte nas ondas!*: <http://www.pontenasondas.org>

Suxestións de música:

Dulce Pontes, João Afonso (Portugal)  
Carlinhos Brown, Caetano Veloso, Chico César, Lenine (Brasil)  
Cesária Évora, Nancy Vieira, Sara Tavares (Cabo Verde)  
Nelly Furtado (Canadá)  
Manecas (Guiné Bissau)  
Cheny Wa Gune (Mozambique)  
Aline Frazão (Angola)  
Uxía Pedreira, Guadi Galego, Mercedes Peón (Galicia)